

ACTA

**Sesión Ordinaria 12/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 26 de outubro de 2017**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 10/2017 do 28/09/2017**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 11/2017 do 10/10/2017**
- 3. Recoñecemento extraxudicial de créditos VIII por importe 20.569,98 euros**
- 4. Incremento do límite imposto polo Pleno ás gratificacións do persoal do Concello II.**
- 5. Revisión de prezos do contrato do Seguro de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela.**

PARTE DE CONTROL

- 6. Actividades de control do pleno.**
 - 6 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 6 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 6 . 3 Mocións.**
 - 6 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2677/2017 de data 23 de outubro de 2017, e sendo as vinte horas do 26 de outubro de 2017 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Isaac Borja Araujo Figueroa
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noé Cano Correa
José Roberto Darriba Ferradás
Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

2.- O sr. Alcalde fai dous recesos:

- ás 21 horas e 45 minutos reanudándose a sesión ás 22:12 horas,
- e ás 22:54 horas ata as 23:04 horas.

3.- O sr. concelleiro Darriba Ferradás abandona a sesión a partir das 22:12 horas (cando se reinicia a sesión tras o primeiro receso).

ASUNTOS ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 10/2017 do 28/09/2017

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 10/2017 do 28/09/2017.

Formúlanse as seguintes observacións:

O Sr. Fojo (Non Adscrito) formula as seguintes observacións: na páx. 26 no debate do punto 9.3.1 da moción presentada polo PSOE,

Onde di:

Existen outras alternativas menos costosas que permitirían dotar de espazos á parroquia de Chapela tales como as vivendas dos veciños

Deberá dicir:

Existen outras alternativas menos costosas que permitirían dotar de espazos á parroquia de Chapela tales como as vivendas dos mestre e Colexio de Trasmañó.

O sr. González (BNG) pide unha revisión lingüística de toda a acta. Indica que na páx. 16, na intervención do sr. Ferradás non se recolle que valora positivamente a proposta do equipo de goberno e que a van apoiar.

Indica que na páx. 19, na intervención do sr. Alcalde e cando se indica unha vez feita a primeira chamada á orde do sr. González, debe explicarse cal é o motivo ou facer referencia a que por alusións hai unha intervención pola miña parte.

O sr. Alcalde explica que as actas é un traballo que fai o sr. Secretario e neste caso podemos aportar erros materiais pero non reescribir toda a acta.

Sr. Cano Correa (AER): explica que enviaron un correo a secretaría e a todos os grupos coas correccións á acta. Pide que non se recollan cousas que non se dixeron. Remítese ao escrito.

No punto 2, referente á aprobación das festas locais para o ano 2018, na páx. 7, na miña intervención, onde di “e pregunta que criterio sigue o goberno na súa proposta de festivos, que sexa luns?” debera dicir “e pregunta que criterio segue o PSOE para elixir un festivo local, que sexa luns?”

No punto 4, referente á aprobación do expediente de modificación de crédito 23/2017. TC11/2017, na páx. 11 onde di “O sr. Álvarez Castro (...) recorda que os campamentos na Illa de Ons levan dous anos sen facerse” debera dicir “O sr. Álvarez Castro (...) recorda que os campamentos na Illa de San Simón levan dous anos sen facerse”.

Sr. Álvarez Castro (PSOE): non estamos de acordo coa apreciación de AER, el fai a pregunta ao aire. Non fai directamente a pregunta ao Grupo Socialista. Si se recolle tal como o di AER, non é.

O sr. Alcalde di que o máis importante nas actas é que quede ben reflexado o acordo e que as actas, nas intervencións, nunca cumpren todas as expectativas. De seguido somete a votación a acta indicando que os erros materiais quedarían incorporados e o resto figuraría coma observacións. **Apróbase por unanimidade dos membros presentes a acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de setembro de 2017 coas seguintes correccións de erros materiais e observacións:**

CORRECCIÓNS DE ERROS MATERIAIS

Na páx. 11 onde di “O sr. Álvarez Castro (...) recorda que os campamentos na Illa de Ons levan dous anos sen facerse” deberá dicir “O sr. Álvarez Castro (...) recorda que os campamentos na Illa de San Simón levan dous anos sen facerse”.

Na páx. 26

Onde di:

Existen outras alternativas menos costosas que permitirían dotar de espazos á parroquia de Chapela tales como as vivendas dos veciños.

Deberá dicir:

Existen outras alternativas menos costosas que permitirían dotar de espazos á parroquia de Chapela tales como as vivendas dos mestre e Colexio de Trasmañó.

OBSERVACIÓNS

Formulada polo sr. González (BNG): na páx. 16, na intervención do sr. Ferradás non se recolle que valora positivamente a proposta do equipo de goberno e que a van apoiar.

Formulada polo sr. González (BNG): na páx. 19, na intervención do sr. Alcalde e cando se indica unha vez feita a primeira chamada á orde do sr. González, debe explicarse cal é o motivo ou facer referencia a que por alusións hai unha intervención pola miña parte.

Formulada polo sr. Cano Correa (AER): na páx. 7, na miña intervención, onde di “e pregunta que criterio sigue o goberno na súa proposta de festivos, que sexa luns?” debera dicir “e pregunta que criterio segue o PSOE para elixir un festivo local, que sexa luns?”

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 11/2017 do 10/10/2017

Dase conta do borrador da acta da sesión extraordinaria núm. 11/2017 do 10/10/2017.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as.

3. Recoñecemento extraxudicial de créditos VIII por importe 20.569,98 euros

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 23/10/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 23 de outubro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP e as abstencións do PSG-PSOE, AER, BNG e o concelleiro non adscrito a proposta de:

Expediente 6235/2017. Recoñecemento extraxudicial de créditos
--

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 18 de outubro de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos, aprobando no seu caso as correspondentes certificacións, por importe total de 20.569,98 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
Desmaco, S.L.U.	1170059	18/10/17	20.545,22 €	1601A.6190006
S.G.A.E.	0027572410	03/10/17	19,15 €	3341A.20900
Gas Natural				
Servicios SDG	FE17321233290625	15/05/17	5,61€	1651A.22100

INTERVENCIONES:

Sra. Amoedo (PP) explica que trae facturas por importe total de 20.569 euros, que son de DESMACO, SGAE e outra de GAS NATURAL. Señala que xa foi á Comisión de Facenda con informe do Interventor ó respecto. Di que espere que se aprobe porque se trata de servizos prestados ó Concello.

Sr. González (BNG): di que na Comisión de Facenda expuxeron dúbidas. Indica que botan de menos que a concelleira fixera pouca relevancia á factura de DESMACO que se trata dunha obra que tivo moitos problemas. Pídelle á voceira do Grupo Municipal do Partido Popular que explique ós veciños porque houbo este retraso.

Sr. Darriba (AER): di que seguirán votando en contra. Repróchalle ó equipo de goberno que leven a pleno recoñecementos extraxudiciais cando existen fianzas pendentes de devolver. Dilles que mentres non cambien nas maneiras e non se dé conta ao pleno, seguirán votando en contra.

Sr. Álvarez Castro (PSOE): di que anque os recoñecementos extraxudiciais son algo habitual, moitas destas facturas poderían aprobarse moito antes se fixeran un pouco máis. Respecto da factura da rúa Esfarrapada, xa planteamos que esta factura se podía aprobar antes si se seguise máis esta obra. Existiron problemas para os veciños que tiveron que recorrer ós grupos da oposición porque pensaban que o goberno non lles facía o caso que debería. Pide que lles conten a que se deberon todas estas deficiencias da obra, que entenden que foi por falta de seguimento.

Sra. Amoedo (PP): di que o que traen son facturas que pasan a revisión dos técnicos. Explica que se trata dunha zona das máis antigas de Redondela, as canalizacións e tuberías son complicadas e non se podían facer moitos experimentos. O sr. Alcalde e sr. González Barreiro foron varias veces a revisar as obras e a requirirille á empresa que gañou o concurso cousas que tiñan que arranxar. Cando os técnicos dan o visto bo é o momento de traer a factura. Señala que a obra tense que pagar porque o traballo está feito.

Sr. González (BNG): sinala que houbo unha rebaixa xudicial lexítima pero tardáronse dous anos en recibila. Pregúntalle á sra. Amoedo si existirá un seguimento nas obras ou esperará ás vísperas das eleccións municipais para poñela en marcha.

Sr. Darriba (AER): di que entende que cando se fai o traballo hai que pagalo pero non lle facilitarán ó equipo de goberno que sigan gobernando como gobernan: procedementos negociados, reiteración de contratos, expedientes parados de devolución das fianzas, etc.

Sr. Álvarez Castro (PSOE): indica que estiveron coa veciñanza e foron eles os que sairon na prensa, non o PSOE. Cada queixa dun veciño da zona ten que ser admitida, non lle miro o carné de simpatizante a ninguén. Pregunta cantos cambios houbo que facer na obra, porque a auga entraba, existiron cambios nas rampas de acceso, etc. Pide que non lle minta.

Sra. Amoedo (PP): di que gobernan para a toda veciñanza. Explica que se trata dunha factura dunha obra na que as deficiencias que tiña se arranxaron. Era unha obra complicada pola antigüidade e ademais unha zona abandonada porque o anterior equipo de goberno lle tiña medo, a pesar de que tivo varios intentos pero sen que ningún chegase a bo fin. Dille ao sr. González que fala de baixa lexítima; hai prego, ofertas, baixas e se adxudica.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes referenciada e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Facenda, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos presentes, sendo 15 votos a favor (09 das/os concelleiras/os do PP e 06 das/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE), 04 votos en contra de AER e 02 abstencións (01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

4. Incremento do límite imposto polo Pleno ás gratificacións do persoal do Concello II.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 23/10/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 23 de outubro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP e as abstencións do PSG-PSOE, AER, BNG e o concelleiro non adscrito a proposta de:

Expediente 6199/2017. Aumento importe global gratificacións II

Asunto: aumento da contía global da gratificación extraordinaria
--

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.
--

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.
--

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-17.10.17.1 de 17 de outubro que consta de catro páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:
--

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 53.319,86 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo (PP): explica que se trata dunha proposta para incrementar o crédito para gratificacións extraordinarias, se incrementa en máis de 4.000 euros. Ten que levarse a cabo por mor das horas extras que fixeron os traballadores o mes pasado e que este Concello ten que aboar.

Sr. González (BNG): di que o PP coa xestión que fai xa excede o límite que tiña no orzamento para horas extras e xa vai polos 53.000 euros cando o planificado era moi inferior. Sinala que falta previsión e control na utilización das horas extras dos traballadores, e debería existir unha mellor reorganización dos servizos. Mostra delo é que nalgunha procesión foi a maior concentración de patrullas municipais.

Sr. Darriba (AER): di que ao non existir orzamentos seguirán así neste mes e no próximo. As horas extras poderían servir para xustificar a necesidade de persoal que a veces temos, pero o equipo de goberno non lé os informes técnicos e que todos os meses din que non teñen que pagarse. Di que no orzamento poderían poñer 90.000 euros para isto, pero non teñen orzamento. Sinala que o acordo cos sindicatos establece que para o martes do entroido existirán horas extras, pero non no luns do Cristo.

Sr. Cabaleiro (PSOE): di que seguen a ver a forma de gobernar do PP. Pídelle á sra. Amoedo que mellore a deficiente xestión do persoal, tanto laboral coma funcionario. Existe descoordinación, teñen que mellorar e non facerse pasar por técnicos. Porque estes son quen deben organizar o servizo. Xa sabemos que a Lei Montoro lle impide contratar novo persoal, o que lle pido é rigor e senso para que haxa un control estrito.

Sra. Amoedo (PP): explica que as horas extras que están aquí son voluntarias, quérenas facer; chegouse a un acordo cos sindicatos sobre o prezo das horas extras. En cada departamento se fixo unha listaxe do persoal que quería facer horas extras. Para evitar a política de subcontratación e privatización é máis correcto empregar as horas extras. As procesións cúbrenas por seguridade porque reúnen moitas persoas.

Sr. González (BNG): dille ó equipo de goberno que traen a pleno o das horas extras porque están obrigados, senón non o traerían. Agora piden o apoio plenario para que se lle poida pagar, no seu momento lles demos o apoio para unha negociación. Quenes planifican son vostedes. Indica que existen actuacións que forman parte das horas extras cando non deberían, como por exemplo ir a retirarlle un niño de avespas a RENFE.

Sr. Darriba (AER): pídelle ó equipo de goberno que lean os informes técnicos. Tódolos meses cando se pagan as nóminas teñen un reparo respecto das horas extras. Di que se descoñece o criterio para cambiar de horas de descanso a horas extras. Engade que non é certo que non se poida contratar, non fai moito contratamos para o conservatorio.

Sr. Alcalde: responde que o contrato que se fixo co conservatorio foi de servizos para

traveseira. Do resto do profesorado había unha oferta de emprego que viña doutros anos e se regularizou, agora teñen estabilidade.

Sr. Cabaleiro (PSOE): sinala que son os técnicos os que deberían ver as necesidades. Di que deberían programar a xornada laboral dos traballadores e que agora incluso traen atrasos da festa da Coca. Fai mención a que serían 594 horas o que se paga. Pídelle ao goberno que teñan un plan de traballo e non fagan a chantaxe da responsabilidade por pagar as horas extras. Neste caso lle daremos a aprobación, pero para o mes que vén nos replantearemos a cuestión seriamente.

Sr. Alcalde: explica que o importe das horas extras ten vinculación co orzamento e o incremento está limitado por lei, só se pode incrementar o 1%. Indica que se debe ter en conta que si se interrompen as horas extras, o servizo hai que prestalo e entón terán que contratalo.

Sr. Darriba (AER): indica que ese 1% supón máis de 90.000 euros, si o orzamento estivese aprobado.

O sr. Alcalde dalle a palabra ao interventor municipal.

O sr. INTERVENTOR: explica que no informe de intervención se di que aplicando os límites do RD do 1986 podería chegarse ata un máximo de 90.000 euros. Pero o que se recolle nos orzamentos é en torno ós trinta e tantos mil, polo que si quixésemos aumentar ata 90.000 teríamos que reducir os complementos específicos dos traballadores.

Sr. Darriba: di que efectivamente hai que baixar o específico, pero si existise un orzamento aprobado poderían inicialmente poñer eses 90.000 euros.

O sr. INTERVENTOR: sinala que se tivesen orzamento poderían subir o 1% da cantidade global que sería sobre os trinta e pico mil euros. Por outra banda ao existir o límite de non superar o 1% da masa salarial o efecto sería a afectación doutras retribucións que terían que baixarse si se superase o límite de suba das horas extras. E elo é así porque as retribucións básicas están establecidas por lei polo que só terían posibilidade de tocar o complemento específico para non superar a masa salarial.

O sr. Cabaleiro (PSOE) : pide que isto non se volva a repetir, que se fagan as cousas con máis rigor.

Sra. Amoedo (PP): dille ao sr. Cabaleiro que hai un xefe encargado de vías e obras pero por enriba hai unha concelleira que marca que traballos se teñen que facer. O encargado ten que distribuilos e organizalos. Indica que si dalgo pode presumir o goberno é que cando as horas extras se presentan, ao mes seguinte se pagan. Explica que a maior porcentaxe a leva a policía local, en vías e obras son 122 euros. Sinala que non se trata tan só de mirar o número de horas, tamén hai que mirar o número de policía que as fan.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta referenciada e que foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos presentes, sendo 16 votos a favor (09 dos concelleiros do PP, 06 do concelleiros do PsdeG-PSOE e 01 do concelleiro non adscrito), 04 votos en contra de AER e 01 abstención do BNG.

5. Revisión de prezos do contrato do Seguro de vida e accidentes do

persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 23/10/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 23 de outubro de 2017 se ditamina favorablemente co voto a favor do PP e as abstencións do PSG-PSOE, AER, BNG e o concelleiro non adscrito a proposta de:

Expediente 6097/2017. Revisión de prezos contrato seguro de vida

Asunto: Revisión de prezos do contrato do Seguro de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela. Expte. contratación tramitado en papel C-12090.

Con data do 31 de decembro de 2012 formalizouse o contrato administrativo do Seguro de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela con VidaCaixa, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros. O contrato entrou en vigor ás 0.00 horas do día 1 de xaneiro de 2013.

Con data do 9 de outubro de 2017 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 2017-E-RC-14758, un escrito de VidaCaixa, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros no que solicita unha revisión do prezo do contrato tendo en conta a variación do IPC.

Visto o informe da Intervención Municipal con referencia ASR-16.10.17.1 de data de 16 de outubro de 2017.

É por elo que se propón a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

Acceder ao incremento de prezo solicitado para o contrato do Seguro de vida e accidentes do persoal funcionario e laboral do Concello autorizando o aboamento das correspondentes facturas co novo prezo total de 25.419,88 €, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2017, de acordo co establecido nos artigos 89 a 94 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.”

INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo (PP): tráese despois de que a entidade pedise que se revise o IPC para incrementar a cota que se paga por estes servizos. Cumpriu o trámite de ir a comisión informativa e está revisado polo interventor municipal.

Non existindo máis intervencións, polo sr. Alcalde sométese a votación a proposta ditaminada favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos/las concelleiros/as.

PARTE DE CONTROL

6. Actividades de control do pleno.

6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía.

O pleno queda enterada das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións.

6.2 Solicitudes de comparecencia.

ANTECEDENTES:

Solicitud de comparecencia do grupo político municipal (GPM) AER do día 19.10.2017 con número 2017-E-RC-15277 que se transcribe a continuación:

“No pleno do 27 de outubro de 2016 aprobouse por maioría a denuncia do contrato coa concesionaria para evitar a súa prorroga automática.

Posteriormente, tratando de analizar este servizo solicitamos mediante rexistro o seguinte:

- 25 de abril 2017: número de abonados adscritos a dito servizo.*
- 1 de xuño do 2017: informe sobre as captacións de augas correspondentes ao Concello de Redondela*
- 1 de xuño do 2017: información sobre contías correspondentes ao canon que debería percibir o Concello segundo o contrato asinado.*

Pasado o tempo sen resposta volvemos preguntar, solicitar, por rexistro:

- 04 de agosto do 2017: acreditación de ter solicitada dita información á empresa concesionaria.*
- 07 de agosto do 2017: acceso aos expedientes xerados a partir destas solicitudes.*

Reiteradamente temos solicitado que se auditen os datos da concesionaria respecto dos compromisos de inversións e comprobación de datos aportados pola concesionaria ao longo dos últimos anos.

Por todo o mencionado solicitamos a comparecencia do alcalde para explicar:

- Comprobación das inversións comprometidas: cales se fixeron, cando e custe de cada unha.*
- Evolución dos abonados nos derradeiros dous anos.*

- *Canon aportado pola concesionaria ao Concello. De non telo aportado, xustificación dese feito.*
- *Se hai algún estudo en marcha para auditar o servizo desta concesionaria.”*

INTERVENCIONS:

Sr. Darriba (AER): di que non teñen demasiadas esperanzas con este tema de Aqualia. Fai referencia a informacións solicitadas por rexistro, expedientes, inversións comprometidas, abonados, canon, control de caudais, etc. Indica que teñen claro que o goberno municipal non aportará ningún dato de control da concesionaria e non se dirá nada da viabilidade, nin do funcionamento da Depuradora. Tamén desas obras das que falaban ao principio; ou do cheiro insoportable que existe.

Sr. Alcalde: sinala que o é do ano 1993, vai facer agora 25 anos, e a situación do 1993 nada ten que ver co de agora. Durante varias xuntanzas se tratou de enfocar un estudo sobre este contrato que está vixente e durante esas xuntanzas se tratou de pedir datos técnicos. É complexo e requiría dun asesoramento técnico máis profundo. Se puxo enriba da mesa a posibilidade de facer unha auditoría e como goberno nos puxemos a traballar para enfocar esa auditoría. A principios de ano se tratou de invitar a empresas especialistas pero tocamos coas pretensións económicas destas consultoras. O que tratamos de ver son posibilidades de enfocar o estudo da auditoría a un custo máis asumible, temos unha proposta enriba da mesa doutra consultora. O que pretendemos é ver en que vai a consistir ese contrato de servizo: ter os datos que nos permitan sacar adiante o novo prego e auditar o realizado, comprobando cuestións coma as inversións ou o canon aportado pola concesionaria.

Indica que o equipo de goberno non estivo parado. O que nos move neste asunto é mirar cara o futuro. Non queremos que no próximo prego se cometan erros que dificulten unha boa calidade de servizo. Está enriba da mesa como enfocar que sexa útil para as dúas partes, para o prego anterior e para o do futuro.

Sr. Darriba (AER): di que nestes temas hai antecedentes con empresas similares, denunciadas e en xuízos. Pregunta si lle reclamarán á concesionaria o roubado porque cando falan das inversións o peor é que non as fixeron e que pagan os veciños. Indica que nese contrato do 1993 establécese unha tarifa. O camiño que se aceptou con esta empresa establecía unhas liñas progresivas de inversións e todas estas deberían pasar por pleno.

A repercusión do canon que se estableceu ía acompañando esa inversión, porque si fago a inversión esta se incorpora ao canon. Sinala que o problema é que si fan a inversión máis tarde terían que xustificar o motivo de darlle ese 10% máis no canon.

No apartado 26 de mantemento da concesión e da infraestrutura se establece que lle corresponde ó concesionario. Di que sendo así, na obra do Espírito Santo non debeu ser mantemento e infraestrutura, porque tería que facelo Aqualia.

O sr. Darriba fai referencia a datos que foron conseguindo de Aqualia, existindo cousas que non entenden como que no 2012 compran metros cúbicos de auga, pero no 2015 necesitan menos. No 2011 o metro cúbico no prezo da auga saía máis caro que no 2015. No saneamento se tratan máis metros cúbicos e declaran uns ingresos menores. No resto de cousas poñen o que lles peta. Di que Aqualia minte porque é imposible que facturasen o mesmo no 2011 e no 2015.

Indica que nos datos de usuarios os bailan como lles dá a gana cando Aqualia ten a obriga de dar estes datos. O da cota fixa é unha barbaridade. Estamos convencidos de que nos estafan. O primeiro que lle temos que pedir son os datos, como o número de abonados.

Di que para ter esto ben analizado o que están dicindo xa o propuxeron fai un ano. Non veñan con urxencias despois para prórroga no contrato porque non chegamos. Indica que o equipo de goberno non quere remunicipalizar.

Alcalde: dille ao sr. Darriba que duda da capacidade que están demostrando para analizar calquera tipo de dato. No día de hoxe demostrárono por exemplo coas horas extras e en plenos anteriores coa piscina de Chapela e inventario de equipamentos. No prego dicía que só no caso de que se admitan as prórrogas ese material pasaría a ser propiedade do Concello. Agora o servizo tamén nos sae 10.000 euros máis caro.

Sinala que este contrato de saneamento é tan difícil de comprobar que se necesita por parte dos técnicos municipais unha asistencia exterior, isto require dun tempo. Dille que cada vez que toman unha decisión aquí, prexudican ós veciños de Redondela.

Di que no momento en que se demostre que hai un prezo excesivo ou algo que fixesen mal, estarán enriba.

Engade que o equipo de goberno mirar para todos os veciños.

Sinala que se propón na mesa dos servizos técnicos como enfocar ese estudo para que lles sirva tamén para o próximo contrato.

O sr. Alcalde, sendo as 21:45 horas fai un receso na sesión.

Sendo as 22:12 horas reiníciase a sesión, non atopándose presente o sr. Concelleiro Darriba Ferradás.

O sr. Alcalde expón que existen tres mocións que o BNG presentou fóra de prazo. A moción que leva por nome “25 de novembro día internacional da non violencia contra as mulleres” é sometida a votación para a súa declaración de urxencia e que poida ser tratada. O pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros acepta a urxencia.

O sr. Alcalde explica que o PSOE renuncia a dúas das súas mocións, e indica que tamén existe unha moción presentada por AER.

6.3 Mocións.

6.3.1 Moción do GPM do PSdeG-PSOE relativa aos Lumes do pasado 15 de outubro.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo político municipal (GPM) do PSdeG-PSOE do día 19.10.2017 con número 2017-E-RE-560 que se transcribe a continuación:

“A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesmo e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgrazas humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos . A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Entre os días 15, 16 e 17, a provincia de Pontevedra sufriu unha vaga de lumes nunca antes vista na historia. Dezaoito concellos afectados na zona Sur e unha ampla superficie forestal, aínda por coñecer con exactitude, pero que vai a estar por riba das dez mil hectáreas afectadas na provincia.

Ademais da lamentable perda de vidas humanas os danos materiais son innumerables nos concellos de As Neves, Gondomar, Nigrán, Pazos, Soutomaior, Baiona, Fornelos, Salvaterra, Ponteareas, Porriño, Salceda, Mos, Redondela e Vigo, e aínda que menos afectados no Norte da provincia tamén producíronse danos nos concellos de Silleda, Forcarei, Caldas, Meis, Pontecaldelas e Cotobade-Cerdedo.

O impacto ambiental nos montes de Quintela, Reboreda, Saxamonde e Ventosela é moi alto e ten un alto custe no patrimonio medioambiental das nosas parroquias afectadas. É necesario que as administracións adopten, coa máxima, celeridade medidas que garantan axudas a particulares e concellos afectados para que podan ser minorizados estes danos, sobre todo, tendo en conta o comezo da época de choivas que podería aumentar aínda máis o efecto ambiental pola grande acumulación de cinzas nos montes.

O Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) homologado en 2010 pola comisión galega de Protección Civil aínda está sen aprobar polo pleno. O 31 de maio de 2012, o PSdeG-Redondela preguntou no pleno pola situación na que se topaba o PEMU xa que o Goberno Municipal do PP non o presentara, nin aprobara. Neste mesmo pleno, o concelleiro do PP, González Barbeiro, respostou que tiñan “que priorizar o tema das emerxencias en Redondela que se completará co Plan”. Un ano despois, no pleno do 30 de xullo de 2013, o PSdeG-Redondela volveu a levar a mesma pregunta e a resposta do PP de Redondela foi que aínda estaba “pendente do desenlace deste proceso para que o pleno do Concello se pronuncie ao respecto do referido Plan de Emerxencias”, é dicir que dito plan homologado seguía sen aprobarse. Sete anos despois, atopámonos coa afirmación da non aprobación do PEMU e a consecuente non prioridade e falta de traballo por parte do Goberno Municipal do PP de Redondela sobre a seguridade do noso concello.

Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes
ACORDOS:

1. Convocatoria urxente do Consello Forestal Municipal de Redondela para, entre outras cousas, acadar a información sobre os graves lumes acontecidos no noso concello, a procura de solucións para evitar novas vagas de lumes e un futuro plan de reforestación dos nosos montes.

2. *Revisión, actualización e implantación do Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) homologado pola comisión galega de Protección Civil en 2010.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a que nos próximos seis meses o goberno galego aprobe todas as iniciativas legislativas para a promoción dunha política forestal que permita a conservación protección e valoración dos montes e bosques de Galicia. Unhas propostas que deben ser elaboradas, pactadas e consensuadas cos municipios as deputacións e co asesoramento da comunidade científica.*

4. *Instar a Xunta de Galicia a elaborar un protocolo xunto a concellos, deputacións e técnicos medioambientais para as actuacións ante os lumes forestais que garanta unha maior coordinación e atención temperá nos lumes.*

5. *Instar ó goberno de España e á Xunta de Galicia a que estableza de maneira inmediata as axudas necesarias para recuperar a riqueza forestal dos bosques e montes galegos e o patrimonio que perderon os veciños e veciñas de toda Galicia.*

6. *Instar á Xunta de Galicia a que introduza no currículo educativo dos escolares galegos e galegas de todos os niveis o ensino en valores de respecto ao medio ambiente, á protección e valorización dos nosos montes e bosques.*

7. *Instar á Xunta de Galicia a elaborar proxectos formativos e de concienciación de cara a contribuír que a sociedade galega poda valorar, respectar e coidar do patrimonio cultural e ambiental que supoñen os nosos bosques.*

8. *Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de cauces e manantiais.*

9. *Dar conta dos acordos que abranguen do 3 ao 8 á Presidenta da Deputación de Pontevedra, ao Presidente do Goberno de España, ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Medio Ambiente, á Conselleira de Medio Rural, e a Ministra de Agricultura e Medio Ambiente.”*

INTERVENCIONES:

A sra. Rivas (PSOE) dá lectura da moción.

Sr. Fojo (non adscrito): expón que os lumes que se estenderon deron lugar a unha situación que deben considerar desastrosa, supoñendo perda económica, ecolóxica e social. Isto merece unha profunda análise que valore a política da Xunta, as especies arbóreas que están nas zonas boscosas, a existencia dun medio rural desordeado, etc. Indica que boa parte da masa forestal queimada era das leiras dos veciños e estaban cheas de maleza. Sinala que Xunta e Concellos non aplican con rigor esto por ter medo a perder votos. Dubida que tras dos incendios haxa unha trama culpable.

Di que o PP ten intereses con amigos de ENCE e empresas relacionadas con eles: gañan plantando pinos, eucaliptos, e si hai un incendio tamén gañan. Despois tamén replantación a fan eles.

Sr. González (BNG): sinala que foron testemuñas dunha situación de catástrofe nacional, con incompetencia dun goberno galego que renuncia a crear futuro para o medio rural e basea toda a súa política en plans de prevención. Di que os orzamentos da Xunta recurtan os recursos adicados a isto: emerxencia e protección civil, medio rural... 200 brigadistas despedidos nas súas casas. Indica que hai unha falta total de previsión e de xestión. Explica que o goberno da Xunta renunciou á explotación racional dos montes. Beneficia a ENCE e externaliza os servizos. Non se pode salvar isto con situacións heroicas da UME.

Sr. Covelo (AER): di que o problema está a ser recorrente nos montes forestais. Todos os anos temos unha serie de incidentes desgraciados, son unha mostra de que algo pasa, algo non funciona. Hai que tomar medidas para que isto non volva, propostas básicas de consenso e accións concretas. Hai despoboamento no rural e non hai política para que exista un achegamento.

Di que é preciso mellorar a eficacia en cuestións de seguridade. Non só ten que ser cuestión da Xunta, hai máis estamentos coma Estado e Entidades Locais. Sinala que os montes conveniados deberían ser modelo favorecendo diversidade de especies.

Sra. Amoedo (PP): di que a moción ten falsidades e mentiras. Non se fala dos incendiarios nin dos ventos furacanados. Había 350 brigadas e 6.000 efectivos. Pregunta donde estaba a Deputación.

Indica que a través do Consello Forestal se fixeron moitas cousas en 6 anos, franxas de protección e cartografía. No mes de outubro o nº de incendios que se levaron a cabo non é nin medio normal. A Deputación ten competencias, o di a Lei de Emerxencias, e non está facendo nada.

Di que o sr. Fojo fala de bosques autóctonos pero tamén arderon frondosas, moitas.

Sra. Rivas (PSOE): di que unha vez máis traen unha moción sobre incendios forestais, o ano pasado tamén se trouxo e xa se advertía da mala xestión da política forestal en Galicia. Existen rachaduras e deficiencias que ten o Plan Forestal e o 112 que xestiona a Xunta de Galicia. Hai que falar de improvisación e descontrol que deixaron á poboación soa. O furacán Ofelia, o vento e as condicións climatolóxicas estaban previstas con antelación. Sinala que existiu unha deixación de funcións da Xunta. Extinguiu un montón de contratos o 30 de setembro e retomou moitos o 16 de outubro.

Indica que a Deputación tamén está facendo cousas. Xa se pediu que a provincia de Pontevedra sexa declarada zona afectada. E tamén é necesaria unha estratexia nacional para cambiar o proxecto forestal.

Sr. Fojo (Non Adscrito): di que dende os Concellos se actúa anque non sempre, e ás veces só cando alguén denuncia. O Concello debería buscar as infraccións, o custe non sería tanto. Di que o PP negaba o cambio climático, dicían que non había problema coa política do eucalipto e fixeron recortes de persoal. Galicia non ardeu, a queimaron as súas políticas.

Sr. González (BNG): propón as seguintes emendas:

“1. Introducir os dous seguintes puntos nos acordos:

-Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.

-Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.

2. Cambiar o punto número 4 da moción do PSOE, polo seguinte, por tratarse dun punto que centra a tipoloxía da política de prevención de incendios.

-Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación, equipamento e condicións laborais.”

Di que Ana Pontón escribiulle unha carta a Feijoo para poñer enriba da mesa toda esta política e accións en política forestal, antes de que pasase. Non houbo resposta.

Indica que o Concelleiro de Interior cando estaba ardendo en Ventosela saiu a dicir que estaba todo controlado.

-Prodúcese unha pequena discusión entre o sr. Concelleiro González Barbeiro (PP) e o sr. González (BNG).-

O sr. Alcalde chama á orde ao sr. González.

Sendo as 22:54 horas o sr. Alcalde fai un receso na sesión, reanudándose a mesma ás 23:04 horas.

Reiniciada a sesión, o sr. Alcalde dá lectura dos artigos 28 e 35 do Regulamento Orgánico Municipal. Indica que a orde normal dun debate é escoitarse uns a outros con respecto e sen intervencións.

Sr. Covelo (AER): di que un dos problemas que ten a UME é que intervén cando o lume xa está enriba das casas, o lume hai que atallalo antes. A UME espera mentres os brigadistas o están apagando. Di que non comparte opinión de que o Consello Forestal funcione ben porque hai temas que non van para alá, un exemplo foi a moción de dinamización forestal, que foi para adiante e para atrás. Propón que se faga un Plan de Emprego enfocándose á prevención de incendios. Pregunta si se está facendo algo coa biomasa nos edificios públicos.

Sra. Amoedo (PP): dille ao PSOE que falan da problemática da privatización e cada vez que chegan a unha administración falan de como privatizar. Na Deputación van aprobar un prego para sacar a concurso privado o parque de maquinaria, por 15 millóns de euros. Pregunta que fixo a sra. Carmela Silva no momento máis complicado dos incendios.

Sr. Alcalde: pregunta si aceptan as emendas.

Sra. Rivas (PSOE): as dúas emendas que di o BNG as aceptamos e a substitución do punto número 4, ata un “mando único”.

Dille á Sra. Amoedo que a presidenta da Deputación chamou a todos os Alcaldes afectados e puxo a maquinaria a disposición da Xunta de Galicia. Vostedes estaban no punto de mando en Amoedo, o día 20 o Concello fai o comunicado informando.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a moción a votación, resulta aprobada por maioría dos presentes, sendo 11 votos a favor (06 do PsdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 09 votos en contra do PP; e incorporándose as seguinte emendas:

-Introdúcense os dous seguintes puntos nos acordos:

- *“Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.*
- *Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.”*

-Cámbiase o punto número 4 da moción polo seguinte:

“Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único”.

O sr. Alcalde dá explicación de voto á sra. Amoedo.

Sinala que tal como di a moción 264 lumes prendidos pola noite non se resolven pola noite.

O sr. Alcalde di que non dá tempo a debatir máis mocións.

6.4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

Preguntas formulada por AER relativas a varios asuntos (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-6).

1) Sobre a proposta final inexistente de Regulamento dos Consellos Parroquiais.

No pasado pleno de xullo de 2017 AER realizou a seguinte pregunta:

Despois dun dilatado e interminable proceso para a elaboración dun novo regulamento dos consellos parroquiais municipais.

Para cando poderemos contar co borrador final da proposta da modificación do regulamento?

Sendo a resposta: O Sr Ballesteros: no mes de setembro.

Atopándonos obviamente a finais do mes de outubro, e tomando a palabra do Sr. Ballesteros, preguntamos:

Reitérase vostede na súa palabra de que a proposta da modificación do regulamento de consellos parroquiais municipais estará dispoñible no mes de setembro (do ano 2017, enténdase) ou confirma que o goberno local non é quen de concretar cando se decidirá a proporcionar o susodito borrador?

Resposta: O sr. Alcalde di que existen informes pendentes en Secretaría. Estamos na fase de recabar informe xurídico, porque existiron cambios no departamento. Hai moita carga de traballo, moi importantes outros temas que están enriba da mesa.

2) Sobre convocatoria do consello forestal

Despois do acontecido o pasado domingo 15 de outubro, afectando a vaga de incendios ás parroquias de Ventosela e Reboreda e xa transcorrido unha semana e pico.

Preguntamos: En que data se vai convocar o Consello Forestal con todas as comunidades e demais representados, así como a Comisión de interior, no referente aos medios propios d emerxencia e a súa coordinación, para dar conta oficialmente do acontecido en Redondela neste incendio?

Resposta: A sra. Amoedo resposta que o goberno xa tivo conversas coas dúas comunidades de montes afectadas polos lumes, estiveron as conselleiras de medio rural e de pesca, estivemos observando tamén con técnicos de Lourizán. Nos informaron que neste Consello da Xunta tratarían de levar todas as medidas para tratar de previr e evitar estas situacións, sobre todo tamén co monte privado en man común. No momento que saquen esas ordes convocarase o Consello.

3) Sobre tubos campo de San Pedro (Cesantes)

O pasado 19 de xuño un grupo de veciños de Cesantes presentaron rexistro (2017-E-RC-9050) no que solicitaban información sobre uns tubos grandes de poliéster que se deixaran no antigo campo de San Pedro en Cesantes. Nese rexistro preguntaban polos permisos dese depósito e solicitaban a súa retirada. Como non se lles contestou, a nosa Agrupación presentou un rexistro o 2 de outubro no que preguntábamos polos trámites feitos polo Concello para quitar esas tubaxes e que trasladaran esa resposta á veciñanza que presentara a instancia. Ao pouco tempo recibimos chamada do Concelleiro Jesús Crespo onde se nos dixo de palabra que a asociación responsable dese vertido ía ter unha asemblea inminente onde aprobarían retirar eses tubos. Pasou o tempo e vendo que estamos a finais de outubro e o vertido aínda está no mesmo sitio, vendo dende o goberno local seguen sen contestar á veciñanza e vendo que seguen sen darnos unha resposta oficial, Preguntamos no pleno: Que trámites e xestións ten levado a cabo ou vai realizar para a retirada deses tubos dese emprazamento?

Resposta do sr. Crespo: o 2 de outubro presentastes un escrito e fixen unha chamada este mesmo día ao Conselleiro para darvos unha resposta. Son flotadores de batea, non son un verquido. Naquel terreo moitos veciños deixan pedras para facer muros, non sabedes como funcionan as comisións de festas. Isto o fixeron con boa intención de depositar eses flotadores de batea para retiralos. Tiñan un problema gordo e tiñan que tomar unha decisión. ¿Vos dirixistes nalgún momento á Comisión de Festas?

Tiven varias reunións coa Comisión de Festas, os técnicos de medio ambiente fórono visitar e non dixeron que fora tóxico. O retirarán estes días tan pronto poidan.

Preguntas do GPM de AER relativas á retirada da exposición “Criminalización do pensamento” (Rex. Entrada 25.10.2017, 2017-E-RC-15584).

No pasado mes de abril do presente ano, o Colectivo Republicano de Redondela, solicitou o uso dun espazo no Multiusos da Xunqueira, para a súa exposición “A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO”, que incluía fotografías da histórica mobilización obreira, da extinguida fábrica téxtil de Regojo. A exposición, por motivos de axenda, inaugurouse o pasado mércores, 27 de

setembro do 2.017. Tras a visita de dous membros do sindicato policial UFP de Pontevedra, este contactou co Concello de Redondela, e alegou que esta exposición fomentaba o odio contra a policía nacional e relacionouna cos acontecementos pro-referendum en Catalunya. O Goberno Local, cuio responsable máximo é o alcalde de Redondela, decidiu unilateralmente, dar por correcta a valoración do sindicato policial, sen consultar á parte promotora, violando o artigo 20 da Constitución Española que el mesmo xurou ao acceder ao ser cargo. O Colectivo Republicano de Redondela, considera vulnerados varios dos seus dereitos, sendo o máis grave o ataque a liberdade de expresión e pensamento.

Sendo aclarados os feitos e reclamada a reposición da exposición "A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO" por rexistro (registro de entrada 2017-E-RC-14.934), o pasado 11 de outubro do 2.17, polo Colectivo Republicano, reclamase ao Sr. Alcalde de Redondela, unha explicación argumentada na legalidade vixente e plantexanse as seguintes preguntas.

PREGUNTAS

A exposición "A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO", foi retirada polas queixas do sindicato policial denominado UFP (sindicato que é o mesmo que nun Twiter, compartiu unha imaxe de policías nacionais armados con metralletas "en prenvengan", con pasamontañas, e co hastag #HABLAMOS..., dirixido ao Sr. Puigdemont elixido en urnas polo Pobo Catalán) en redes sociais, por "incitar ao odio", e aledamente respostada pola Sr. Concelleira Carmen Amoedo por esa mesma canle?

Si a un sindicato policial se lle fai caso a un post dende unha concelleira, e prevalece a súa opinión á do resto do pobo (porque Vdes. son pobo ou polo menos elixidos para dar voz ao pobo) xa podemos decir que en Redondela se goberna baixo un Estado Policial?

E por último, vai ordear ao Sr. Alcalde a reposición inmediata, da exposición "A CRIMINALIZACIÓN DO PENSAMENTO", do Colectivo Republicano de Redondela, no Multiusos da Xunqueira, polo prazo de un mes?

Resposta: A sra. París di que en Redondela se respecta a tolerancia e a liberdade. Xamais na miña persoa se fixo cousa semellante de pedir carnés; non imos repoñer a exposición nos termos nos que está. Si se retirou non se vai repoñer. Xa lle expliquei por teléfono cal foi a razón, respectamos todas as persoas, todas as iniciativas. No momento en que detectamos reaccións por diferentes persoas: taxistas, veciños... tomamos a decisión de perserverar nunha boa convivencia en Redondela. Temos diariamente que traballar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, temos que facer un recoñecemento público do traballo que fan con nós. Son servidores públicos. Algún dos membros do colectivo me recoñeceu que esa exposición xa tivera problemas nalgunha outra sala.

Preguntas PSdeG-PSOE relativo as medidas para o control da poboación de roedores (Rex. Entrada 25.10.2017, 2017-E-RE-583).

Moitos veciños e veciñas do centro urbano de Redondela están trasladando as súas queixas en relación á proliferación de ratas. Estas últimas, chegando a aparecer de día polas zonas de xogos onde transitan nenos e nenas, ao igual que entrando en casas e negocios.

PREGUNTAS:

Ten pensado o Goberno Municipal de Redondela tomar medidas de control da poboación de roedores? E de ser así, cales serían estas pautas?

Resposta: O sr. Álvarez di que se fará unha desratización e valórase medidas anticonceptivas. Sinala que o veneno disólvese facilmente, non se pode botar ao chou.

Preguntas PSdeG-PSOE relativo aos colectores de reciclaxe (Rex. Entrada 25.10.2017, 2017-E-RE-582).

Nos preparativos do pasado Entroido de inverno, o Goberno Municipal do PP de Redondela ordeou retirar os colectores de reciclaxe que prestaban servizo ás Rúa Ribeira, Rúa Xeneral Rubín e paralelas a estas. Esta zona ten numerosos negocios e fogares cun importante volume de reciclaxe. Durante estes meses, as persoas destas zonas están tendo que camiñar máis de 200 metros para poder reciclar. A pesar do anuncio de novos puntos de reciclaxe do Goberno Municipal, un concelleiro do PP contestou verbalmente á veciñanza da zona que non se ten pensado repoñer os colectores de reciclaxe.

PREGUNTAS:

O Goberno Municipal de Redondela vai a repoñer os colectores de reciclaxe que prestaban servizo ás Rúa Ribeira, Rúa Xeneral Rubín e paralelas a estas?

Resposta: O sr. Álvarez di que na rúa principal de Redondela non se poñerán novos contedores de reciclaxes, estamos pensando en retirar algúns. Estamos valorando outro sistema tendo en conta que os camións xeran CO2 e a xente non quere os colectores a carón das casas.

ROGOS:

Rogos AER relativo a varios temas (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-7)

1.- ROGO SOBRE PUBLICACIÓN DE SOLDOS

No pleno do 6 de xuño de 2013, aprobouse unha moción de AER para que se publicara na páxina web do Concello o que cobra cada grupo e cada concelleiro/a da Corporación, tanto pola súa labor de concelleiro/a como pola súa participación noutros órganos da administración pública.

Consultada a páxina web do Concello, vemos que os datos dos salarios polo seu posto de concelleiros/as xa están publicados, así como as dietas do alcalde por ser representante no Concello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo (314,68€ netos por cada unha das sesións).

Observamos que a información é difícil de atopar na web do Concello e temos que dicir que está incompleta. Non sabemos a cantas sesións do Consello de Administración da Autoridade Portuaria asistiu o Alcalde, e tamén faltan as retribucións dos concelleiros/as que teñen ou tiveron un posto na Deputación, polo que dende AER rogamos que se complete a táboa da información das retribucións da Corporación municipal, tende ademais un fácil acceso a elas, dotándoa dun enlace destacado na páxina principal do web do Concello.

Este texto é dun rogo de maio de 2014 e a día de hoxe non se fixo nada, lembramos ao equipo de goberno o aprobado por unanimidade en xuño de 2013:

“Publicar na páxina web do Concello:

1. Salario de cada un dos membros da corporación.
2. Contía da subvención recibida por cada grupo político.
3. Cartos que reciban os membros da corporación por asistir a outros organismos, como GDR, Deputación, Portos de Galicia, etc....
4. Dietas recibidas polos concelleiros con responsabilidade de goberno e concepto das mesmas, cunha frecuencia semestral.
5. Gastos de protocolo do equipo de goberno e concepto dos mesmos, cunha frecuencia semestral.
6. Tódolos datos anteriores dende o inicio deste mandato”.

Rogamos que todos estes datos se incorporen a inminente nova páxina web do Concello de Redondela tanto deste mandato como do anterior.

Resposta: O sr. Alcalde indica que se está cumprindo a norma, o que sexa de incorporar o poñeremos.

2.- ROGO SOBRE A RUTA DAS PEDRAS.

Sendo coñecedores que en diversas ocasións a veciñanza de Ventosela teña demandado colaboración de cara a renovar as sinais da ruta das Pedras, roteiro que xurdiu dende os propios veciños e prol do coñecemento dos recursos naturais e patrimoniais do noso concello. Tendo en conta a necesidade da posta en valor dos nosos montes apoiando iniciativas desta índole.

Rogamos que se dote a ruta das Pedras de novas sinais e se editen folletos explicativos para a difusión desta ruta. AER: Javier Bastos. Ruta das pedras.

Resposta: O Alcalde di que o estudarán.

3.- ROGO SOBRE PROPOSTAS DE DINAMIZACIÓN FORESTAL NON CONSIDERADAS POLO GOBERNO LOCAL

No ano 2014, en concreto no pleno do 31 de xullo, AER presentou unha moción sobre dinamización forestal que se deixou enriba da mesa para tratarse posteriormente en Consello Forestal. Posteriormente tratouse no consello forestal e literalmente foi descartada na súa plenitude. Dende AER consideramos que o que alí se presentaba era de interese e viable na súa execución, buscando avanzar no camiño para a mellora do modelo forestal no concello. Recentemente cando no Consello Forestal se tratou a proposta de Parques Forestais púxose sobre a mesa a idea dun parque forestal baseado en masas de frondosas autóctonas que rodease todo o concello tomando como eixe a senda da auga. Descartouse basicamente pola complexidade de avanzar debido ao gran número de propiedades particulares. En AER consideramos que aínda que o camiño sexa longo, deberíase dar o paso de cara á súa consecución, do mesmo xeito que o concello veciño de Vigo está decidido a acometer un proxecto similar.

Rogamos que o goberno local tome en consideración as seguintes propostas que abrirían o camiño cara a creación dunha rede de protección pasiva fronte a incendios forestais no noso concello:

- Potenciación da creación dunha franxa verde entorno á senda da auga, a ámbalas dúas beiras nunha distancia suficiente, formada por unha masa autóctona diversa que funcione como liña de contención ante situación de grandes lumes.

- Posta en marcha dun plan de emprego específico forestal, establecendo os oportunos convenios e cesións de áreas coas comunidades de montes veciñais, tal como xa se levan algúns anos realizando en concellos veciños e centrándose nos parque forestais, roteiros nos montes, miradoiros, carballeiras e soutos, consolidación e recuperación de valgadas e beiras de ríos, etc.

- Organización de xornadas, profesionais e divulgativas, así como actividades educativas ligadas ao monte, a súa xestión, a multifuncionalidade, a problemática dos incendios, a auto protección, a creación de sistemas pasivos contra incendios e ás posibilidades que presenta como fonte de emprego.

- Establecemento de axudas específicas para o eido forestal e do monte, de cara a promoción da xestión forestal sostible.

Resposta: A sra. Amoedo di que de todas as cousas moitas xa se fan, coma charlas, explotación do monte, etc.

4.- ROGO SOBRE CAMBIO RESPONSABLE DO MANTEMENTO DO FACEBOOK DO CONCELLO

O Concello de Redondela, como todo o mundo ben sabe, posúe unha conta oficial de facebook para difundir a súa actividade, os actos que programan e máis aquelas informacións de interese para a veciñanza que teñan que ver con Redondela. Esta conta está xestionada pola secretaria do Alcalde, posto político designado polo propio alcalde. Dende AER consideramos que a labor institucional de comunicación do Concello debera ser levada por unha persoa sen vinculación política oficial. Unha persoa que podería actualmente asumir esa labor é a contratada para labores de transparencia, sendo propiamente a xestión do facebook oficial unha encomenda propia deste posto.

Rogamos que o Alcalde designa a labor de xestión e actualización do facebook oficial do Concello de Redondela á persoa contratada para labores de transparencia, como así debera corresponderlle dende o inicio do seu contrato.

Resposta: *O sr. Alcalde di que no ano 2011 quería que houbo un gabinete de comunicación no Concello independente do goberno co ánimo de potenciar a imaxe de Redondela. A transparencia está para iso, o facebook é comunicación.*

5.- ROGO REITERATIVO SOBRE EQUIPAMENTO E FORMACIÓN DA POLICÍA LOCAL PARA O CONTROL DE RUÍDOS

En outubro de 2015 AER presentaba o seguinte rogo no pleno do Concello de Redondela. Un rogo que naquelas datas, o alcalde collía o compromiso de cumprir, pois segundo afirmaba nese pleno a policía non estaba formada para medir e controlar a contaminación acústica tal e como demandaba AER. As palabras ao final quedaron no esquecemento e dous anos despois deste rogo a veciñanza de Chapela padeceu e padece de cheo os ruídos ocasionados polas obras da ampliación da ap-9 en horario nocturno. Escoitamos varias veces o longo destes anos ao equipo de goberno falar dun “plan estratéxico de ruídos” ou algo polo estilo, pero a realidade é que o tempo pasa, mentres a veciñanza sofre os derradeiros despropósitos das obras da ap-9, sen que o seu concello fixera unha soa medida oficial dos ruídos ocasionados polas obras da ap-9. Por todo o exposto volvemos a traer o mesmo rogo presentado no a finais do ano 2015 e concienciar ao goberno local de que a contaminación acústica combatese con medios e formación.

Sobre o equipamento e formación da Policía Local para o control de ruídos.

Falar de ruído en Redondela non é tan só, falar de locais que teñen a música alta ou veciños que molestan a outros. Por desgraza falar de ruído neste concello é falar das obras que mantén o ministerio de fomento, neste municipio asoballado de infraestruturas. Sabeo ben a veciñanza do val do maceiras e Negros, que sufriu un calvario cos obras do AVE. Un calvario que este goberno local non tratou como foi debido. Agora cos obras da AP-9 e a previsión de Audasa de traballar de noite na ponte de Rande. O concello ten que poñer

ferramentas para que os ruídos das obras non fagan un calvario a vida dos afectados directos por estas obras que durarán anos. Ata o momento cada vez que hai unha chamada a policía local dun cidadán que ten problemas con ruídos de terceiros, a patrulla que acude levanta un atestado pero non pode certificar os decibelios por carecer dos aparatos e a formación axeitada. Polo que o concello ten que contratar a unha empresa privada para certificar o ruído ocasionado. Unha contratación que en moitos casos é cara e escasa. Despois de informarnos de que o custo do equipamento non é moi elevado e que a formación dos axentes pódese realizar de forma gratuíta na Academia Galega de Policía e polo anterior exposto.

Rogamos que o goberno local adquira o equipamento necesario para a medición de ruídos. Mandar axentes da policía local a Academia Galega de Policía para que obteñan a formación necesaria que lles faculte para realizar e asinar informes oficiais homologados relacionados coa contaminación acústica.

Resposta: o sr. González di que foi atendido este rogo en outubro de 2015. O primeiro curso que fixo a academia despois foi o 15 de novembro de 2016 e o seguinte en xuño de 2017. Nesas dúas datas non poidemos enviar a membros da policía porque estabamos coas horas extras. Tiñamos que cubrir o servizo.

Rogos PSdeG-PSOE relativo a colocación de sinalización vertical (Rex. Entrada 25.10.2017, 2017-E-RE-584)

Moitos dos peregrinos que fan o Camiño de Santiago en bicicleta ou cabalo ao seu paso pola Rúa Queimaliños hacia a Rúa Cruceiro sofren accidentes na intersección da Rúa Telmo Bernárdez onde non hai moita visibilidade ao tratarse de rúas estreitas e cunhas pequenas desviacións no seu trazado que non vai en liña recta e polo tanto, non permite unha visión ampla. Cabe engadir que moitos dos vehículos van a gran velocidade dende a Praza da Constitución hacia a Rúa Telmo Bernárdez, Rúa Cruceiro ou Rúa Isidoro Queimaliños. Isto último, engadido á falta de visibilidade, ocasiona que os peóns e os peregrinos en bicicleta ou a cabalo sufran accidentes ao transitar por ditas rúas do centro.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que se instale unha sinal vertical de alta visibilidade na baixada da Rúa Queimaliños hacia Rúa Cruceiro na intersención da Rúa Telmo Bernárdez e se controle a velocidade nesta última rúa mencionada.

Resposta: O sr. González di que xa se tomaron medidas, por exemplo un espello. A velocidade dos vehículos está limitada por sinalización. Só nos quedan medidas fixas.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.